

## CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN), TRAMITACIÓN ORDINARIA E ADXUDICACIÓN POR LOTES.**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO:** A "EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E CANELAS". Comprenderá os servizos de tempada nas praias citadas, que o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra (en diante Costas) autorizou para a **ANUALIDADE DE 2016**, así como as que autorice anualmente para **2017, 2018 e 2019**, no caso da existencia de prórrogas a este contrato que no seu caso decidirá unilateralmente o órgano de contratación, conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA), o de prescricións técnicas (en diante PPT) e a oferta que presente o contratista. Faise constar que no suposto de existencia de contradición entre o disposto nos pregos, primará o estipulado no PCA. A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é **92332000-7** ou **55100000-1**.

A adxudicación realizarase polos seguintes lotes:

- Lote A.Praia de Silgar.
- Lote B.Praia de Baltar.
- Lote C.Praia de Canelas.

O Concello de Sanxenxo (en diante Concello) comprométese, no caso da existencia de prórroga do contrato, a solicitar anualmente a Costas, os seguintes servizos, agás para a anualidade de 2016 que xa están autorizados polo citado organismo:

### PRAIA DE SILGAR.

| Instalación         | Unidades | M <sup>2</sup> x unidade | Total m <sup>2</sup> instalacion |
|---------------------|----------|--------------------------|----------------------------------|
| Quioscos            | 3        | 20                       | 60                               |
| Terrazas            | 3        | 30                       | 90                               |
| Hidropedales        | 28       | -                        | -                                |
| Tumbonas/sombrillas | 176      | -                        | -                                |
| Piraguas            | 12       | -                        | -                                |
| Caseta para enseres | 3        | 4                        | 12                               |

### PRAIA DE BALTAR.

| Instalación | Unidades | M <sup>2</sup> x unidade | Total m <sup>2</sup> instalacion |
|-------------|----------|--------------------------|----------------------------------|
| Quioscos    | 1        | 20                       | 20                               |
| Terrazas    | 1        | 40                       | 40                               |
| Caseta para | 1        | 4                        | 4                                |

|         |  |  |  |
|---------|--|--|--|
| enseres |  |  |  |
|---------|--|--|--|

### **PRAIA DE CANELAS.**

| <b>Instalación</b>  | <b>Unidades</b> | <b>M<sup>2</sup> x unidade</b> | <b>Total m<sup>2</sup> instalacion</b> |
|---------------------|-----------------|--------------------------------|----------------------------------------|
| Quioscos            | 2               | 20                             | 40                                     |
| Terrazas            | 2               | 30                             | 60                                     |
| Caseta para enseres | 2               | 4                              | 8                                      |
| hidropedales        | 14              | -                              | -                                      |
| Piraguas            | 7               | -                              | -                                      |
| Tumbonas/sombrillas | 24              | -                              | -                                      |

A situación de cada un dos servizos solicitados é a que figure nos planos correspondentes a cada praia do Plan de Ocupación que cada ano confeccione o Concello e autorice anualmente Costas, **estando a situación do ano 2016 no PPT.**

**2.- RISCO E VENTURA, PREZO DO CONTRATO, A SÚA REVISIÓN, CANON E DA FIANZA DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS E FORMA DE PAGAMENTO:** O contrato executárase a risco e ventura do contratista.

Constitúe o prezo do contrato, por anualidade, o importe da oferta do contratista que figura no **SOBRE "C"** da proposición, que deberá axustarse ao modelo que figura no **anexo V** deste prego e que non poderá ser inferior as seguintes cantidades:

#### **LOTE A (SILGAR)**

- 77.000,00 EUROS (SEN IVE)
- 16.170,00 (21 % IVE)
- 93.170,00 EUROS (TOTAL)

#### **LOTE B (BALTAR)**

- 15.000,00 EUROS (SEN IVE)
- 3.150,00 EUROS (21 % IVE)
- 18.150,00 EUROS (CON IVE)

#### **LOTE C (CANELAS)**

- 35.000,00 EUROS (SEN IVE)
- 7.350,00 EUROS (21 % IVE)
- 42.350,00 EUROS (CON IVE)

No caso da existencia de prórrogas do contrato, non procederá a revisión do prezo do contrato para ningún Lote do mesmo.

Independentemente do prezo do contrato resultante da licitación, o adxudicatario terá que pagar anualmente, no caso da existencia de prórrogas do contrato, o canon e a fianza que fixe Costas cando autorice as instalacións de tempada nas praias do Concello, sendo os correspondente ao ano 2016 os seguintes:

**LOTE A) PRAIA DE SILGAR.**

| INSTALACION         | CANON            | FIANZA          | TOTAL CANON E FIANZA |
|---------------------|------------------|-----------------|----------------------|
| Quioscos            | 2.400,00         | 1.200,00        | 3.600,00             |
| Terrazas            | 3.600,00         | 1.800,00        | 5.400,00             |
| Hidropedales        | 1.920,00         | -               | 1.920,00             |
| Tumbonas/sombrillas | 6.160,00         | -               | 6.160,00             |
| Piraguas            | 840,00           | -               | 840,00               |
| Caseta para enseres | 480,00           | 240,00          | 720,00               |
| <b>TOTAL PRAIA</b>  | <b>15.400,00</b> | <b>3.240,00</b> | <b>18.640,00</b>     |

**LOTE B) PRAIA DE BALTAR.**

| INSTALACION         | CANON           | FIANZA          | TOTAL CANON E FIANZA |
|---------------------|-----------------|-----------------|----------------------|
| Quioscos            | 800,00          | 400,00          | 1.200,00             |
| Terrazas            | 1.600,00        | 800,00          | 2.400,00             |
| Caseta para enseres | 160,00          | 80,00           | 240,00               |
| <b>TOTAL PRAIA</b>  | <b>2.560,00</b> | <b>1.280,00</b> | <b>3.840,00</b>      |

**LOTE C) PRAIA DE CANELAS**



| INSTALACION         | CANON           | FIANZA          | TOTAL CANON E FIANZA |
|---------------------|-----------------|-----------------|----------------------|
| Quioscos            | 1.600,00        | 800,00          | 2.400,00             |
| Terrazas            | 2.400,00        | 1.200,00        | 3.600,00             |
| Caseta para enseres | 320,00          | 160,00          | 480,00               |
| hidropedales        | 980,00          | -               | 980,00               |
| Piraguas            | 490,00          | -               | 490,00               |
| Tumbonas/sombrillas | 840,00          | -               | 840,00               |
| <b>TOTAL PRAIA</b>  | <b>6.630,00</b> | <b>2.160,00</b> | <b>8.790,00</b>      |

O pagamento realizarase nos seguintes prazos:

a) Anualidade de 2016:

- **O 50 % do prezo do contrato e a totalidade do canon e da fianza fixados por Costas**, serán satisfeitos no prazo de **DEZ (10) DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte ao da firma do contrato.
- O 50 % restante do prezo do contrato será aboado antes do día 1 de Agosto de 2016.

b) Anualidades de 2017, 2018 e 2019, no caso da existencia de posibles prórrogas:

- **Antes do día 1 de agosto de cada ano, tanto o prezo do contrato, como o canon e a fianza** que fixe por anualidade Costas.

**3.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR:** Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP) e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

**4.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ORGANO DE CONTRATACIÓN:** A adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración).

O órgano de contratación é a **Xunta de Goberno Local**, por delegación da Alcaldía realizada mediante resolución de data 17 de xuño de 2015, vixente na data de redacción deste prego, facendo constar que a competencia orixinaria era da Alcaldía, por aplicación da Disposición Adicional 2ª 1 e 2 do TRLCSP, ao tratarse dun contrato que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, nin a contía de **6.000.000,00 €**, sendo a súa duración non superior a 4 anos.

**5.- PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSICIÓNS E LUGAR ONDE PRESENTALAS:** Faise constar que **terá que presentarse unha proposición distinta por cada lote ao que se presente o licitador. No caso de incluír mais dunha proposta nun mesmo sobre non se admitirá ningunha das propostas.**



O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante BOP), Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello de Sanxenxo, **www.sanxenxo.es** (en diante perfil do contratante). O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que non fose sábado.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte.

Poderanse presentar, dentro do prazo citado no primeiro parágrafo desta cláusula, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resgardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposta. Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

**6.- DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS:** A presentación da proposta presupón a aceptación incondicional por parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante. As propostas constarán de **TRES (3) SOBRES** pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu correspondente contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar á desestimación de todas as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de **"DECLARACIÓN RESPONSABLE"**, incluírase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo I** deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato co Concello a data da finalización do prazo de presentación das proposicións e que, se recae ao seu favor á proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na **cláusula 14ª do PCA** no prazo que nesa cláusula se sinala, especialmente as condicións de solvencia que tamén se citan de seguido:

**-Solvencia económica e financeira: Acreditarase mediante un seguro de indemnización por riscos profesionais vixente, como mínimo, ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe equivalente ao dobre do prezo por anualidade do contrato, sen IVE, que para cada lote se detalla na cláusula 2ª do PCA, para o que se presentará un certificado expedido polo asegurador no que conste o importe e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, así como achegar o documento de compromiso vinculante da renovación ou prórroga que garanta o mantemento de cobertura durante toda a execución do contrato.** Non será necesario acreditar esta solvencia se o licitador esta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo**



licitador dunha relación dos principais servizos, que incluírá importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, realizados nos últimos CINCO (5) ANOS anteriores á data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, debendo acreditar o licitador como executado en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, a pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación para o CPV 55100000-1, ou a igualdade entre os dous primeiros díxitos do CPV 92332000-7 (92) para este último CPV, durante o ano de maior execución do período citado, un importe igual ou superior a 25.000,00 €, sen incluír o IVE, para o Lote A, 7.500,00 €, sen incluír o IVE, para o Lote B e 17.500,00 €, sen incluír o IVE, para o Lote C. Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Faise constar que a data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración, será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar en calquera momento anterior á proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

**No SOBRE "B"** e baixo denominación **"OFERTA.CRITERIOS DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR"**, realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no anexo IV deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio para a selección do contratista que figura na **cláusula 7ª do PCA**, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

**No SOBRE "C"** e baixo denominación **"OFERTA. CRITERIO AVALIABLE AUTOMÁTICAMENTE"**, realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no anexo V deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio do prezo que figura na **cláusula 8ª do PCA**, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

**7.- CRITERIO DE ADJUDICACIÓN DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR:** Será o seguinte que se valorará e ponderará como a continuación se sinala, xunto coa documentación a presentar para que poida puntuarse:

**-MEMORIA DE DESENVOLVEMENTO DA EXPLOTACIÓN:** Ata un máximo de **CINCOENTA (50) PUNTOS**. A estes efectos os licitadores deberán presentar unha

memoria que conteña a descrición do desenvolvemento da explotación do servizo; así como unha valoración detallada dos incrementos de calidade propostos polos licitadores, tanto das instalacións vinculadas á explotación do servizo sobre o previsto na **cláusula 3ª do PPT**, como no incremento da calidade ofertados en melloras hixiénico-sanitarias, medio ambientais e estéticas, así como nas medidas propostas polos licitadores que favorezan e/ou melloren a accesibilidade ao servizo de persoas con mobilidade reducida. A valoración destes incrementos de calidade deberán asimilarse a presos actuais de mercado.

Non se valoraran aqueles aspectos a aplicar noutras accións diferentes as da radicación do obxecto do contrato, nin permitírase o aumento deste.

A non presentación da memoria conforme ao disposto nesta cláusula determinará que a puntuación por este criterio sexa de **CERO (0) PUNTOS**.

Para a determinación da puntuación que, no seu caso corresponda a cada valoración dos incrementos de calidade propostos polos licitadores conforme ao establecido no parágrafo 1º, concederáse a máxima puntuación por este criterio á maior valoración nos incrementos de calidade propostos e que cumpran a totalidade dos requisitos para poder ser valorados, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda con relación á máxima valoración dos incrementos da calidade propostos.

**8.-CRITERIO DE ADJUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE:** Será o seguinte que se valorará e ponderará como a continuación se sinala:

**-PREZO.** O licitador ofertará unha cantidade que non poderá ser inferior ao prezo por anualidade e por lote, co IVE incluído, que se describe na **cláusula 2ª do PCA**. A puntuación máxima que se outorgará por este criterio será de **CINCOENTA (50) PUNTOS** conforme a seguinte distribución:

**DEZ (10) PUNTOS** por cada **CATRO (4) % de alza** sobre a cantidade que por este concepto figura na **cláusula 2ª do PCA** para cada lote. No caso de que se ofrecese unha fracción de incremento que non alcanzase o **4% de alza**, a puntuación que se outorgaría por esta fracción sería proporcional con dous decimais.

**9.-MESA DE CONTRATACIÓN:** A presidirá o Sr. Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue e, de conformidade coa Disposición Adicional 2ª do TRLCSP, asistirán, en calidade de vocais, dous concelleiros/as nomeados pola Alcaldía, o Secretario da Corporación e o Interventor como vocais. Actuará como Secretario un funcionario/a designado pola Alcaldía. A composición da Mesa de Contratación (en diante Mesa) publicaráse no perfil do contratante cunha antelación mínima de **SETE (7) DÍAS NATURAIS** con respecto a súa data de constitución. A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación dos proposicións presentadas.

**10.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN, APERTURA DO SOBRE "A" E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO MESMO:** A sesión onde

se realizarán os actos sinalados no enunciado desta cláusula celebrarse na salón de sesións do **Concello**, ás **DEZ (10) HORAS** do **PRIMEIRO DÍA HÁBIL** seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións ou da presentación da última proposición enviada por correo se, previamente, se comunicase a remisión de proposicións por este medio no sentido indicado na **cláusula 5ª do PCA**. No caso de que este día coincidise en sábado ou nun día inhábil, esta sesión celebraríase o seguinte día hábil, que non fose sábado, na mesma hora e lugar. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

A sesión non será pública e comezará coa constitución da Mesa e, a continuación, procederase á apertura do **SOBRE "A"** e á cualificación da documentación aportada polos licitadores no mesmo. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsandables na documentación presentada no **SOBRE "A"**, comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica ou procederá a publicalo no perfil do contratante, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES**, contado a partir da práctica da comunicación ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixa ou emenden os defectos ou omisións.

**11.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO SOBRE "A", POSTA EN COÑECEMENTO DA CUALIFICACIÓN E APERTURA DO SOBRE "B":** A sesión onde se realizarán os actos sinalados no enunciado desta cláusula terá carácter público, agás no que respecta á cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e celebrarse na sala de xuntas do **Concello**, ás **DEZ (10) HORAS** do **SEXTO DÍA NATURAL** seguinte ao da data da apertura do **SOBRE "A"**. No caso de que este día coincidise en sábado ou nun día inhábil, esta sesión celebraríase o seguinte día hábil que non fose sábado na mesma hora e lugar. No suposto de que a data da celebración desta sesión coincidise en venres a reunión será ás **NOVE (9) HORAS**. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adjudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

No suposto da existencia de defectos ou omisións subsandables a reunión da Mesa, comezará coa cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e o pronunciamento expreso sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e as causas do rexeitamento e, a continuación, a Mesa dará conta dos incidentes da citada cualificación. No caso de que non existisen defectos ou omisións subsandables a reunión da Mesa comezará directamente coa dación de contas da cualificación.

A reunión proseguirá coa apertura do **SOBRE "B"** e a lectura das proposicións formuladas neles.

**12.- VALORACIÓN DO SOBRE "B", POSTA EN COÑECEMENTO DESTA VALORACIÓN, APERTURA E VALORACIÓN DO SOBRE "C" E PROPOSTA DE**



**AXUDICACIÓN:** Para a valoración do **SOBRE "B"** a Mesa solicitará un informe técnico realizado por persoal ao servizo do **Concello** ou de calquera dos seus organismos autónomos que teña cualificación profesional adecuada en razón da materia obxecto da contratación e que non forme parte da Mesa e no que figurará unha proposta de atribución de puntuación, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na **cláusula 7ª do PCA** e o límite mínimo **CERO (0)** puntos.

Unha vez emitido o informe técnico a Mesa, nunha reunión que, no que respecta a este acto, non terá carácter público, valorará a documentación incluída no **SOBRE "B"**.

A sesión onde se realizarán todos os actos sinalados no enunciado desta cláusula, agás o referente a valoración do **SOBRE "B"**, que pode ou non efectuarse nesta mesma reunión da Mesa, celebrarase na sala da sesións do **Concello**, na data e hora que se publicará no perfil do contratante, cunha antelación mínima á súa celebración de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES**.

A sesión da Mesa, agás que na mesma tamén se proceda a valoración do **SOBRE "B"**, suposto no cal o primeiro acto, con carácter non público, será a realización desta valoración, comezará ou, no suposto anterior, continuará, con carácter público, coa posta en coñecemento da valoración da documentación incluída no **SOBRE "B"** e proseguirá coa apertura do **SOBRE "C"** e a lectura das proposicións formuladas neles.

Unha vez realizada a apertura do **SOBRE "C"** a reunión proseguirá, con carácter non público, para que a Mesa proceda, mediante a aplicación automática do criterio descrito na **cláusula 8ª do PCA**, á valoración da documentación incluída no **SOBRE "C"** e a determinación da puntuación total mediante a suma das valoracións outorgadas aos dous **SOBRES**, clasificando todas as propostas na orde decrecente de maior a menor puntuación.

A Presidencia da Mesa, unha vez realizada a apertura do **SOBRE "C"**, invitará aos asistentes que non sexan membros dela, a ausentarse da sesión, comunicándoos que no prazo que determine a propia Presidencia, segundo o número de ofertas presentadas, os criterios a empregar e a complexidade da súa aplicación, que se indicará tamén nese momento e que non poderá exceder de **DUAS (2) HORAS** e, logo de que a Mesa realice as operacións descritas no parágrafo anterior, a sesión volverá ter carácter público.

No suposto de que non houbese asistentes que non formen parte da Mesa, na posta en coñecemento da puntuación outorgada a documentación incluída no **SOBRE "B"** e na apertura do **SOBRE "C"**, a reunión continuará, con carácter non público, ata que a Mesa realice as operacións descritas no segundo parágrafo desta cláusula e, unha vez efectuadas, sen necesidade de respectar ningún prazo, reanudase a sesión con carácter público e procederase conforme ao sinalado nos parágrafos seguintes desta cláusula.

Reanudada a sesión con carácter público, unha vez transcorrido o prazo anunciado polo Secretario da Mesa darase lectura á valoración total das ofertas, informando que se

formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta con maior puntuación total. En caso de existir empate nas ofertas, decidírase a oferta sobre a que se formulará proposta de adxudicación mediante sorteo que se celebrará ante a Mesa nese mesmo acto e con carácter público.

A continuación polo Secretario da Mesa, invítase aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as cales deberán formularse por escrito no prazo máximo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES** seguintes á celebración desta sesión e que se dirixirán ao órgano de contratación.

Finalmente a Mesa finalizará, con carácter non público, coa proposta de adxudicación de cada lote ao licitador que para cada lote presente a proposta con maior puntuación total ou, no caso de empate, ao que resultase favorecido no sorteo celebrado con esta finalidade.

**13.-OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:** Unha vez realizada a valoración pola Mesa, o órgano de contratación procederá a apreciar se existen valores desproporcionados ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do R.D.1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP.

**14.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, INCLUÍDA A GARANTÍA:** O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador proposto pola Mesa sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación máis elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada

**A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos agás o 8º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación das proposicións e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.**

Os documentos a presentar son os seguintes, que deberán ser orixinais, non obstante admitíranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais:



1. Acreditación da personalidade xurídica do licitador:
  - a. No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.
  - b. No caso de persoas físicas: Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.
2. Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do ente contratante.
3. Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo II** deste prego, de non se encontrar dentro das prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores. Esta declaración incluírá expresamente a circunstancia de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Sanxenxo (en diante Concello), co Estado e coa Seguridade Social.
4. **Solvencia económica e financeira: Acreditarase mediante un seguro de indemnización por riscos profesionais vixente no que se inclúan coberturas de responsabilidade civil derivada do exercizo da actividade, como mínimo, ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe equivalente ao triple do prezo por anualidade do contrato, sen IVE, que para cada lote se detalla na cláusula 2ª do PCA, para o que se presentará un certificado expedido polo asegurador no que conste o importe e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, así como achegar o documento de compromiso vinculante da renovación ou prórroga que garanta o mantemento de cobertura durante toda a execución do contrato.** Non será necesario acreditar esta solvencia se o licitador esta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de Galicia.
5. **Rexistro de licitadores:** A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2, 3 e 4. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no **anexo III** deste prego, do licitador na que se manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

6. **-Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación dos principais servizos, que incluírá importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, realizados nos últimos CINCO (5) ANOS anteriores á data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, debendo acreditar o licitador como executado en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, a pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación para o CPV 55100000-1, ou a igualdade entre os dous primeiros díxitos do CPV 92332000-7 (92) para este último CPV, durante o ano de maior execución do período citado, un importe igual ou superior a 25.000,00 €, sen incluír o IVE, para o Lote A, 7.500,00 €, sen incluír o IVE, para o Lote B e 17.500,00 €, sen incluír o IVE, para o Lote C. Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.**

7. Empresas non españolas:

a. Acreditación da capacidade:

i. Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

ii. Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación: Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b. Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

8. Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar



propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal no prazo dos **DEZ (10) DÍAS HÁBILES** sinalado ao comezo desta cláusula e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

9. Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE-, Estado, e Concello) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentátese a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.

10. Garantía definitiva do **5% do importe total da adxudicación inicial e posibles prórrogas**, excluído o IVE.

Os documentos que se acompañen deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

Unha vez transcurrido o prazo do requirimento, o órgano de contratación, se observase defectos ou omisións subsandables na documentación requirida nos puntos 1 ao 7 desta cláusula, ambos incluídos, comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica ou procederá a publicalo no perfil do contratante, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES**, contado a partir da práctica da comunicación ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixa ou emenden os defectos ou omisións. Para a documentación requirida nos puntos 8 ao 10 desta cláusula, ambos incluídos, non existe prazo de subsanación.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazos sinalados no anterior parágrafo desta cláusula, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte coa puntuación máis elevada, sempre que esta última oferta non fose declarada desproporcionada ou

anormal.

**15.-ADJUDICACIÓN DO CONTRATO:** O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adjudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego. No caso de que, no prazo citado no penúltimo parágrafo da **cláusula 12ª**, deste prego se formulasen por escrito observacións ou reservas contra o acto no que se informou aos licitadores da oferta a favor da que se formularía proposta de adjudicación, resolveranse expresamente as reclamacións formuladas, previo informe da Mesa, na resolución pola que se adjudique o contrato.

O acordo de adjudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe procederse a formalización do contrato. Faise constar que o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no art. 59.4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro é de **CINCO (5) DÍAS**.

**16.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:** A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adjudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

**17.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:** O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. A Administración non poderá divulgar a información facilitada por os licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adjudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adjudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adjudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incorrer. O adjudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

**18.-DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNS DO MESMO:** O contrato comprenderá a **ANUALIDADE do ano 2016, coa posibilidade da existencia de TRES (3) prórrogas dunha ANUALIDADE CADA UNHA (2017,2018 e 2019).** Que no seu caso decidirá unilateralmente o órgano de contratación. As prórrogas serán obrigatorias para o contratista, debendo comunicar o ente contratante ao contratista a vontade de facer efectiva esta prórroga coa antelación de **OITO (8) DÍAS NATURAIS** antes do vencimento do contrato correspondente a cada anualidade, día 31 de decembro de cada ano.As prórrogas do contrato deberán formalizarse por escrito antes de que se extinga aquel.

O período de explotación de cada tempada será o que autorice anualmente Costas, comprometéndose o Concello a solicitar o maior período de tempada que permita para cada ano o citado organismo.Para o **ano 2016** o período de explotación comezará ao día seguinte da firma do contrato e finalizará o **30 de outubro de 2016**.Faise constar que en cada tempada non se poderá comezar a exercer a actividade, ata que polo contratista se presente no Concello a documentación indicada na **cláusula 5ª do PPT** e polos servizos técnicos municipais se lle dea conformidade a mesma.O horario de explotación será o comprendido entre as **09:00 horas e as 22:00 horas**.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só poderán efectuarse cando concorra algunha das circunstancias enumeradas no art.107 do TRLCSP, que terán que xustificarse axeitadamente polo órgano de contratación e seguindo o procedemento do art. 108 do TRLCSP en relación co art. 211 do mesmo texto legal.Considerarase como forza maior que habilita a modificación deste contrato a non existencia de autorización previa de Costas para calquera tempada ou a modificación, en sentido restritivo, dos servizos con respecto aos autorizados no ano 2016, obrigando a reaxustar os prezos do contrato conforme aos criterios seguidos para fixar os prezos deste contrato, incluída a oferta do contratista.Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** contado dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación. De conformidade cos arts. 156 e 219.2 do TRLCSP, as modificacións deberán formalizarse en documento administrativo.

**19.- OBRIGAS DO CONTRATISTA:** Independentemente das que se sinalan na **cláusula 4ª do PPT**, serán as seguintes:

- 
- a) Respetar o obxecto da autorización, cumprindo todas e cada unha das condicións que se sinalan no presente prego e no PPT e cantas poidan ditarse con posterioridade para mellor funcionamento da explotación, que serán notificadas ao adxudicatario.
  - b) Cumprir a normativa vixente propia dos establecementos para os cales se

adxudica a explotación.

- c) Manter en bo estado a porción de dominio público utilizado, así como as instalacións, debendo repoñer calqueira elemento dos mesmos que se deteriore ou inutilice polo uso o explotación do servizo. O material a repoñer deberá ser da mesma calidade que o inutilizado ou, se elo non fora posible, o mais similar que se ofrezca no mercado.
- d) Responder dos danos e prexuízos que se poidan causar aos bens públicos utilizados ou que se ocasionen a terceiros.
- e) Dispoñer de seguro de indemnización por riscos profesionais no que se inclúan coberturas de responsabilidade civil derivada do exercizo da actividade, por importe equivalente ao triple do prezo por anualidade do contrato, sen IVE, que para cada lote se detalla na **cláusula 2ª do PCA** durante toda a execución do contrato.
- f) Os adxudicatarios das explotacións de hidropedais e piraguas, só poderán realizar as mesmas en praias debidamente balizadas, adoptando as medidas de seguridade e cumprindo cantas normas, regulamentos e disposicións vixentes en cada momento, así como as que poida ditar o Concello ou os organismos da administración dentro das súas competencias.
- g) O pagamento do prezo do contrato, do canon e da fianza de Costas, conforme o disposto na **Cláusula 2ª do PCA**.
- h) Cumprir as disposicións vixentes en materia tributaria, fiscal, laboral, de Seguridade Social e de Saúde Laboral.
- i) Prestar colaboración ao Concello e a Costas para a realización de inspeccións periódicas das condicións de prestación dos servizos contratados.
- j) Durante o período de duración do contrato o contratista estará obrigado a montar e retirar as instalacións das praias, deixando estas en perfecto estado. Á finalización de cada tempada, o contratista estará obrigado a retirar as instalacións das praias, deixando estas en perfecto estado.
- k) Os adxudicatarios deberán cumprir as condicións fixadas na autorización anual de Costas e as particulares para os Espazos Naturais que, no seu caso, imponha a Delegación da Consellería correspondente da Xunta de Galicia e que o Concello fara chegar aos adxudicatarios.
- l) Todo o persoal dos establecementos expendedores de alimentos e bebidas da praia debe dispor de carnet de manipulador. Os establecementos de alimentos e bebidas deben realizar controis microbiolóxicos ao menos unha vez ao mes durante a tempada de baño, tanto de produtos coma de superficies de traballo.



As persoas que manipulen alimentos necesitan cumprir ao menos as seguintes condicións hixiénicas sanitarias:

- Manter un alto grao de limpeza corporal.
- Levar o pelo limpo, recollido e cuberto.
- Lavarse as mans antes de comezar o traballo e despois de cada cambio de actividade.
- Non portar aneis, pulseiras, reloxos de man, así coma outros obxectos que poidan ocasionar accidentes e sean puntos de acumulación de restos alimentarios.
- Levar vestimenta de traballo limpa.
- Non comer nin fumar na zona de preparación de alimentos.

Os manipuladores de alimentos deben dispor dun manual de boas prácticas de hixiene na manipulación e preparación de alimentos que inclúa ao menos as seguintes instrucións:

- a) Non meter os dedos nas comidas, salsas, etc., para a súa degustación.
- b) Non traballar con feridas infecciosas ou contaxiosas na pel.
- c) Evitar a entrada de animais e insectos na área de manipulación de alimentos.
- d) Depositar en contenedores os restos de alimentos de pratos dos usuarios.

**20.- EXTINCIÓN, RESOLUCIÓN E REVERSIÓN DO CONTRATO:** Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 223 do TRLCSP, acordándose na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 do TRLCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta e das sinaladas na cláusula anterior. Neste sentido o levantamento de tres actas por parte do persoal da Administración acreditativas de deficiencias e incumprimentos por parte do contratista na prestación correcta dos servizos serán causa específica para a resolución do contrato con carácter culpable do contratista. Para elo o Concello de Sanxenxo reservase, en todo momento e ao longo da duración do contrato, a facultade de inspeccionar os servizos. Asemade será causa específica de resolución do contrato o atraso do pagamento a partir do prazo máximo de dous meses dende as datas sinaladas neste prego, do prezo do contrato, do canon ou da fianza fixados por Costas

**21.- PENALIDADES:** Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algún incumprimento do contrato, previa incoación de expediente contraditorio e sen prexuízo do estipulado neste prego para a resolución do contrato.

A contía das penalidades irá en función das características dos incumprimentos conforme ao seguinte baremo:

**a) Incumprimentos leves :**

-Calquera incumprimento non cualificado como grave ou moi grave.

A contía da penalidade a impoñer por cada incumprimento leve será de **MIL**

**(1.000,00) €.**

**b) Incumprimentos graves:**

- A negativa a someterse ás inspeccións municipais.
- Deixar de prestar o servizo ao público durante dez días consecutivos ou quince alternos, durante cada tempada, salvo que se acrediten razóns xustificadas e por escrito ante o Concello.
- Producir danos de certa consideración ao dominio público.
- O incumprimento do horario de funcionamento.
- A reiteración de dous incumprimentos leves en seis meses.
- O non mantemento das instalacións en perfecto estado de limpeza e hixiene, así como a non reposición de materiais deteriorados.
- O atraso do pagamento ata o prazo máximo de un mes dende as datas sinaladas neste prego, do prezo do contrato, do canon ou da fianza fixados polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

A contía da penalidade a impoñer por cada incumprimento grave será de **DOUS MIL (2.000,00) €.**

**c) Incumprimentos moi graves:**

- A produción de graves danos ao dominio público.
- Realizar unha actividade distinta á autorizada.
- Desobediencia ao cumprimento de ordenes da Alcaldía requirindo o cumprimento de obrigas.
- O incumprimento da normativa laboral e da normativa local.
- A emisión de verteduras de residuos sólidos ou líquidos ao medio natural.
- O atraso do pagamento a partir do prazo máximo de un mes dende as datas sinaladas neste prego, do prezo do contrato, do canon ou da fianza fixados por Costas.
- A non formalización dunha póliza de seguro conforme ao sinalado neste prego.
- A reiteración de dous incumprimentos graves en seis meses.

A contía da penalidade a impoñer por cada incumprimento moi grave será de **CATRO MIL (4.000,00) €.**

**22.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN:** No se permite la cesión del contrato ni la subcontratación del mismo.

**23.- PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA:** O prazo será de **SEIS (6) MESES** contado dende a data de terminación do contrato, período durante o cal a Administración poderá comprobar que o servizo prestouse de conformidade ao estipulado no contrato, nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a propia oferta do contratista. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularsen reparos ao servizo prestado quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaran

responsabilidades a exercer sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela. Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, a devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades as que refírese o art. 100 do TRLCSP.

**24.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA:** Independentemente dos que figuren descritos noutras cláusulas deste prego, serán de conta do contratista os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licencias e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
- b) No seu caso, os da formalización pública do contrato de adxudicación.
- c) Os gastos dos anuncios da licitación no DOG e no BOP, rateado entre os adxudicatarios e, se procédese, os gastos do anuncio da formalización do contrato no BOP, rateado entre os adxudicatarios, ata un máximo de **TRES MIL (5.000,00) €**.

**25.- RESPONSABLE DO CONTRATO:** A efectos do disposto no art. 52 do TRLCSP o responsable do contrato será o/a concelleiro/a que ostente ao longo da duración do contrato, a Concellería Delegada de Medio Ambiente ou aquela que, aínda tendo unha denominación distinta, teña atribuída a responsabilidade na xestión das praias.

**26.- REXIME XURÍDICO:** O contrato que regula as presentes cláusulas ten carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (TRLCSP, RXC e R.D.817/2.009, do 8 de maio); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que porán fin a vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Sanxenxo, 19 de maio de 2.016.

O Alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita



**ANEXO I****MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓNES ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CO CONCELLO DE SANXENXO. (incluír no SOBRE "A")**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----  
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----  
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no  
procedemento de contratación da **"EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA  
NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E CANELAS"** , correspondente ao **LOTE** \_\_,  
**DECLARO** o seguinte:

- a) Que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para ser  
adxudicatario deste contrato co Concello de Sanxenxo e comprométese, no  
suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a  
documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas  
legalmente para contratar co Concello de Sanxenxo que figuran detalladas na  
cláusula 14ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que  
nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a  
entregar a documentación citada na cláusula 14ª do Prego de Cláusulas  
Administrativas Particulares en calquera momento anterior á adopción da  
proposta de adxudicación, en caso de ser requirido para iso polo órgano de  
contratación.
- b) Que o licitador autoriza á administración contratante a consultar os datos que  
obren no seu poder ou no doutras administración, aos efectos de comprobación  
do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)



## ANEXO II

### MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR E DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----  
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----  
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da **"EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E CANELAS"** , correspondente ao **LOTE \_**,  
**DECLARO** o seguinte:

- Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado e co Concello de Sanxenxo débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de constrinximento segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.
- Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

(Lugar, data e sinatura do proponente)



### ANEXO III

#### **MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. (incluír no SOBRE "A")**

D -----, DNI nº ----- e domicilio  
en -----, en nome propio ou en representación  
da persoa xurídica -----, CIF nº-----, para os  
efectos de incorporar a súa proposta para participar no procedemento de  
contratación da **"EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE  
SILGAR, BALTAR E CANELAS"**, correspondente ao **LOTE \_**, **DECLARO** o seguinte:

-Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no  
Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia) que se  
acompaña na proposta non experimentaron variación dende a data da súa expedición

(Lugar, data e firma do proponente)

#### ANEXO IV

##### **MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "B" (CRITERIO DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR)**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, para os efectos de incorporar a súa proposta para participar no procedemento de contratación da **"EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E CANELAS"**, correspondente ao **LOTE \_**, comprométese a executalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas e a presente oferta que se axusta ao criterio de adxudicación fixado na cláusula 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

**MEMORIA DE DESENVOLVEMENTO DA EXPLOTACIÓN CORRESPONDENTE AO LOTE\_\_\_\_\_:** Adxunto unha **MEMORIA DE DESENVOLVEMENTO DA EXPLOTACIÓN**, correspondente ao **LOTE \_**, que contén a descrición do desenvolvemento da explotación do servizo; así como unha valoración detallada dos incrementos de calidade propostos, tanto das instalacións vinculadas á explotación do servizo sobre o previsto na **cláusula 3ª do PPT**, como no incremento da calidade ofertados en melloras hixiénico-sanitarias, medio ambientais e estéticas, así como nas medidas propostas que favorezen e/ou melloren a accesibilidade ao servizo de persoas con mobilidade reducida.

(Lugar, data e firma do proponente)

**ANEXO V****MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "C" (CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE)**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, para os efectos de incorporar a súa proposta para participar no procedemento de contratación da **"EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E CANELAS"**, correspondente ao **LOTE \_**, comprométese a executalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas e a presente oferta que se axusta ao criterio de adxudicación fixado na cláusula 8ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

**-PREZO:** Ofrezo a **"EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE SILGAR, BALTAR E CANELAS"**, correspondente ao **LOTE \_**, pola seguinte cantidade que inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE):

**LOTE\_\_**(especificarase A,B ou C)

\*En concepto de prezo por anualidade ofrezo \_\_\_\_\_ (en número e letra) €, IVE incluído.

(Lugar, data e firma do proponente)